



## Concello de Ribeira de Piquín

---

### BANDO

#### **AXUDAS PARA PREVENCIÓN DOS DANOS DO LOBO E XABARIL**

O xoves día 17 de agosto de 2017 saíu publicada no DOG a orde sobre as axudas para a prevención dos danos causados pola fauna silvestre (lobo e xabaril).

#### **BENEFICIARIOS**

- **Para a prevención dos danos ocasionados polo lobo:** persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras que figuren no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras de Galicia, das especies de gando bovino, ovino, cabrún, porcino de raza celta, equino, asnal e mular.
- **Para a prevención de danos ocasionados sobre producións agrícolas polo xabaril:** persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

- **Para a prevención dos danos ocasionados polo lobo:** a adquisición de cans das razas mastín español, mastín do Pirineo, carea leonés e can de palleiro; pastores eléctricos e cerrumes de malla electrificada.
- **Para a prevención dos danos ocasionados polo xabaril:** a adquisición de pastores eléctricos.

Non se subvencionará o IVE, o transporte dos materiais nin a man de obra.

#### **CONTÍA**

- **500 euros para a adquisición dun can mastín.**
- **600 euros por explotación para a compra de pastores eléctricos.**
- **100 euros por malla de 50 m, ata un máximo de 8 mallas por explotación.**

#### **PRAZO:**

O prazo de presentación de solicitudes será de **1 MES** contado a partir do día seguinte á data de publicación da orde.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 24 de agosto de 2017.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**